



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Poesía en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02043
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de procesos, tendencias, produtos e traxectorias relevantes e significativos da poesía en lingua galega e portuguesa.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través do Campus Virtual). *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral no Campus Virtual sobre a organización da materia e foro específico no Campus Virtual sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes. *Observacións de avaliación: Non hai.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíbeis estarán dispoñíbeis no Campus Virtual da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.



A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A3 A10 A15	B7	C1
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á poesía en lingua galega e portuguesa.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Ter capacidade de análise, valorar e exercer o coñecemento desde un punto de vista crítico.	A14	B7 B8	C6
Ter un coñecemento amplo da poesía en lingua galega e portuguesa.	A17 A18 A19 A20	B8	C6
Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura etc.).	A2 A4 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.	A11 A14 A15	B3 B5	C6



Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1
--	-----------------	----	----

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A poesía galega de 1975 á actualidade	1.1. Coñecemento construído: historia e crítica. Procesos de canonización. A función das antoloxías. 1.2. Centros e periferias do subsistema poético: institucións, grupos, traxectorias e tendencias repertoriais.
2. A poesía portuguesa após o 25 de abril	2.1. A poesía na configuración do campo literario portugués actual. Discursos historiográficos e críticos, e procesos de canonización. 2.2. Tendencias repertoriais, traxectorias consagradas e escritas marxinais.
3. Poesía e emerxencia literaria na literatura dos PALOP	3.1. Emerxencia literaria e procesos de independencia. Funcións das prácticas e dos repertorios poéticos. 3.2. Repertorios poéticos e modelos socioculturais: identidade, nación, xénero.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 B8 B9	14.5	29	43.5
Lecturas	A7 A10 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	6	12	18
Seminario	A3 A2 B6 B7 C1	6	12	18
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A17 A20 B6 B7 B10 C1	3	9	12
Proba mixta	A18 A17 A15 A14 A11 A9 A2 A1 B7 B4 C1	2	16	18
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que a profesora explica a contextualización e os elementos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Lecturas	O profesorado establecerá un conxunto de lecturas para cada un dos temas. Comprenderán obras historiográficas, críticas e de creación (antoloxías e obras de autoría individual).
Seminario	Serán organizadas sesións en que o alumnado, con orientación e supervisión do profesorado, presentará a súa análise dunha parte dos contidos e dos materiais da materia, previamente traballados de maneira autónoma.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá desenvolver un traballo tutelado sobre algún dos aspectos do temario. Contará coa orientación inicial e o acompañamento continuado por parte do profesorado.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico con análise de fontes documentais e comentario de textos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Lecturas	<p>O profesorado estará dispoñible para atender de maneira personalizada todo o alumnado da materia, a través dos medios dispoñibles: correo electrónico, plataforma Teams e atención presencial. A atención personalizada será imprescindible para o desenvolvemento do traballo tutelado e dalgunha das sesións de seminario.</p> <p>A atención personalizada, a través dos medios dispoñibles, será especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado con matrícula a tempo parcial e dispensa académica.</p>
---------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A14 A17 A20 B6 B7 B10 C1	No traballo tutelado será valorada a correcta delimitación do tema, o aproveitamento dos materiais bibliográficos, os resultados finais e a calidade lingüística e expositiva.	25
Lecturas	A7 A10 A17 A18 A19 A20 B1 B3 B5 B6 B7 C1 C6	As lecturas obrigatorias serán avaliadas a través de actividades de diferente tipo (recensión crítica, comentario de texto, cuestionario), ao longo de todo o cuadrimestre.	20
Proba mixta	A18 A17 A15 A14 A11 A9 A2 A1 B7 B4 C1	Proba escrita baseada fundamentalmente nas actividades de análise e comentario de textos, combinadas con outras de carácter ensaístico. Como no caso dos traballos tutelados, serán valoradas a expresión e o rigor expositivo.	40
Seminario	A3 A2 B6 B7 C1	As actividades de seminario serán desenvolvidas nas aulas presenciais e nelas será avaliada a lectura e a análise dos materiais propostos, a participación de cada estudante, o traballo colaborativo e o desenvolvemento do pensamento crítico.	15

Observacións avaliación
<p>Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados.</p> <p>Todas as actividades e probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).</p> <p>Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).</p> <p>As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán porse en contacto co profesorado para organizar o seu seguimento da materia. Serán avaliadas de acordo co seguinte sistema: proba mixta (40%), traballo tutelado (30%) e lecturas (30%). Tamén deberán porse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral sexa incompatible co seguimento da materia mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderá ter condicións de avaliación equivalentes á dispensa académica.</p> <p>A cualificación de NON PRESENTADO/A será outorgada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.</p> <p>Na segunda oportunidade (xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación que na primeira. As persoas que concorreren á segunda oportunidade deberán realizaar unicamente as actividades non superadas na primeira. As datas de entrega serán indicadas polo profesorado con antecedencia suficiente. Estas mesmas condicións serán aplicadas na convocatoria adiantada de decembro.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Bernárdez, C. L. & Insua, E. X. & Millán Otero, X. M. & Rei Romeu, M. & Tato Fontaí (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra - Casas, Arturo (ed.) (2003). Antoloxía da poesía consultada (1976-2000). Lugo: TrisTram - García, Xosé Lois (1993). Floriram cravos vermelho. Antologia poética de expressão portuguesa em Africa e Asia. A Coruña: Espiral Maior - García, Xosé Lois (1998). Antología da poesía feminina dos PALOP (Países africanos de língua oficial portuguesa). A Coruña: Espiral Maior - González Fernández, Helena (2001). A tribo das baleas. Poetas de arestora.. Vigo: Xerais - Guimarães, Fernando (2002). A poesia contemporânea portuguesa do final dos anos 50 aos anos 90. Lisboa: Quasi Edições - Kiobucka, Ana M. (2009). O formato mulher. A emergência da autoria femenina na poesia portuguesa. Coimbra: Angelus Novus - Lopes, Óscar & Marinho, Maria Fátima (dir.) (2001-2002). História da Literatura Portuguesa. Vol. 7. Lisboa: Alfa - Martelo, Rosa Maria (2004). Em parte incerta. Estudos de poesia portuguesa moderna e contemporanea. Lisboa: Campo das Letras - Mato Fondo, Miguel Anxo (1991). A mazá e a cinza. A poesia galega após 1976. Pontevedra: Edicións do Cumio - Nogueira, María Xesús (2017). 13 Antoloxía da poesía galega próxima. Santiago de Compostela: Chan de pólvora & papelesmínimos - Reis-Sá, Jorge (2001). Anos 90 e agora. Uma antologia da nova poesia portuguesa. Vila Nova de Famalicão: Quasi Edições - Rodríguez, Luciano (1986). Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega. Barcelona: Sotelo Blanco - Salinas Portugal, Francisco (2006). Literaturas africanas en lengua portuguesa. Madrid: Síntesis - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - VV. AA. (2016). No seu despregar. Antoloxía poética. A Coruña: Apiario Editora - VV. AA. (1998). Historia da literatura galega. vols. 3 e 4. Vigo: AS/PG & A Nosa Terra - VV.AA. (2000). Galicia. Literatura. A literatura desde 1936 ata hoxe : poesía e teatro. A Coruña: Hércules de Ediciones. <p>Será fornecida bibliografía específica para cada tema.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías